



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.es
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, con número de rexistro **592**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a protección do Pedregal de Irimia, no concello de Meira, o acuífero matricial do Miño e o seu contorno, que será debatida na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, o vindeiro 19 de xaneiro de 2017.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

-Protexer o Pedregal de Irimia e o seu entorno baixo a figura de Monumento Natural tal e como se contempla na Lei 9/2001.

-Que a Xunta de Galicia conxuntamente co concello de Meira se fagan coa titularidade dunha ampla área circundante para poder actuar nela e facer do lugar punto de respecto e símbolo da consideración que os pobos cultos teñen cos seus lugares simbólicos e de interese especial.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Eliminar as plantacións de eucaliptos que ameazan os acuíferos matriciais do río Miño.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/01/2017 11:46:30

Ana Pontón Mondelo na data 18/01/2017 11:46:40

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Carlos Gómez Salgado**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión**, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **10/PNC-000236 (2298)**, sobre a actualización, axilización e implementación polo Goberno galego do pagamento das indemnizacións aos gandeiros afectados polos ataques do **lobo**.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a continuar na súa labor de axilización das indemnizacións polos danos ocasionados polo lobo, compatibilizando a reparación destes danos coa viabilidade da especie no noso territorio”.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/01/2017 17:41:21

Carlos Gómez Salgado na data 18/01/2017 17:41:33

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **José González Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión**, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **10/PNC-000032 (592)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a protección do **Pedregal de Irimia**, no concello de Meira, o acuífero matricial do Miño e o seu contorno.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a protexer o Pedregal de Irimia reforzando a súa consideración de Area de Especial Protección Paisaxística, coa figura de Espazo Natural de Interese Local (ENIL), no caso de que se realice a preceptiva solicitude por parte do concello”.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/01/2017 17:42:21

José González Vázquez na data 18/01/2017 17:42:31

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa do deputado Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte emenda á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, 10/PNC-000068 (809), sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa compra pública alimentaria e o uso de organismos modificados xeneticamente nos menús dos centros públicos dependentes dela.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar na liña de incorporar criterios de fomento dos alimentos de proximidade, de produción familiar e ecolóxica nas compras públicas alimentarias nos centros dependentes da administración autonómica”.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/01/2017 18:02:19

Daniel Vega Pérez na data 18/01/2017 18:02:26